

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

FILOSOFÍA 1º BAC

Todos os estándares avaliados teñen, de partida, a mesma importancia na avaliación final, é dicir, son completamente equivalentes. O grao mínimo de consecución para entender que un estándar de aprendizaxe foi acadado dáse cando o alumno chega ao 50% da avaliación máxima para ese estándar.

A cualificación que obterá o alumno en cada unha das avaliacións parciais recollerá as dos distintos instrumentos de avaliación aplicados nos estándares de aprendizaxe tratados. O traballo na aula ponderarase cun 5% da nota, os traballos (tanto individuais como grupais) un 15% e as probas escritas un 80%. Contéplase a posibilidade de que a excelencia nalgún destes apartados (traballos voluntarios, participación sobresaínte na aula, excelencia nas probas escritas) poida supor un incremento de ata un 5% na cualificación obtida.

Criterios de cualificación de traballos individuais

Son entregados nos prazos establecidos	10%	CSC
Correctos na presentación, claros e ordenados	10%	CAA
Comprende a totalidade dos temas tratados	40%	CCL
Expresión verbal e escrita	20%	CCL
Argumenta, é creativo/a, ten ideas propias	20%	CCL-CSIEE

Criterios de cualificación de traballos grupais

Son presentados nos prazos establecidos	10%	CSC
Correctos na exposición do traballo	30%	CCL-CAA
Aportación de ideas novas, creatividade	20%	CSIEE
Corrección na información, usa ben as TIC	20%	CAA-CD
Capacidade de traballo en equipo	20%	CSC

A porcentaxe na nota entre traballos individuais ou grupais será comunicado os alumnos segundo a complexidade de cada traballo e o esforzo individual que requiran. A cualificación final dos traballos será a indicada anteriormente (15% da nota)

Criterios de cualificación da participación na clase (5 % da nota)

Cumprimento das indicacións da profesora	20%	CSC
Respecto do turno de palabra	15%	CSC
Participación activa	20%	CSIEE
Interese e motivación pola materia	15%	CAA
Traer o material de traballo	10%	CSC
Presentación de alternativas	20%	CSIEE

Nas probas escritas a ponderación de cada estándar de aprendizaxe será indicado no exame correspondente. No caso de facer máis dun exame na avaliación farase a nota media e suporá o 80% da nota da avaliación. Non pode facerse media cunha puntuación inferior a 4 sobre 10, nese caso o alumno terá que recuperar a proba non superada.

No caso de que un alumno empregue para a realización das probas calquera acción fraudulenta e non autorizada (uso de dispositivos móbiles, de anotacións non autorizadas, apuntes propios, etc), logo da comprobación por parte do profesorado e comunicado ao alumno/a será cualificado de 0 na proba e deberá recuperar a avaliación correspondente. Igualmente será comunicado á familia do alumno/a.

Os alumnos que non superen unha avaliación poderán recuperala mediante presentación de traballos individuais e presentación a unha proba escrita con distintos tipos de preguntas. A proba escrita terá un valor do 80% nestas recuperacións. A cualificación da avaliación final será a media das tres avaliacións parciais. Quedarán avaliados positivamente aqueles alumnos que teñan unha cualificación media igual ou superior ao 5, sempre que en ningunha das avaliacións parciais a cualificación sexa inferior a 4. Previa a avaliación final os alumnos que o precisen terán a oportunidade de presentarse a unha proba de características semellantes ás das avaliacións parciais onde poderán recuperar todos aqueles estándares de aprendizaxe que lles quedasen pendentes. Aqueles alumnos que non superen a avaliación ordinaria de xuño terán que presentarse a unha proba en setembro consistente nunha proba escrita con distintos tipos de preguntas sobre os estándares de aprendizaxe da materia, puntuada de 1 a 10. A cualificación final da avaliación extraordinaria será positiva para todos aqueles alumnos que acaden unha nota igual ou superior a 5.